

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 25 DE MARZO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 23 de marzo de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### **2.- APROBACIÓN DO PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS CORRESPONDENTE AO ANO 2022**

Infórmase aos Sres. concelleiros presentes da aprobación pola extinta Consellería de Traballo e Benestar do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63, do 30/03/12). Entre os cambios que introduciu o devandito Decreto está a substitución da convocatoria anual de subvencións por un proceso de transferencias anuais que incluírá un anticipo, nos primeiros catro meses do ano, dunha contía equivalente á metade do que os Concellos tiveran recibido o ano anterior. Aos citados efectos o artigo 43.1 do citado texto legal dispón a

obligación anual das Administracións beneficiarias de presentar ante a Consellería competente un proxecto anual dos servizos sociais comunitarios correspondentes ao ano en curso, aprobado polo órgano competente da Administración Local.

Xa que logo, debidamente informados de canto antecede e de conformidade co informe emitido pola traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez en data 25/03/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto anual dos servizos sociais comunitarios correspondentes ao ano 2022.

Segundo.- Solicitar da Consellería de Política Social unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal por un importe global de CATROCENTOS SESENTA E SEIS MIL TRESCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (466.333,55 €), coa seguinte desagregación:

CONCEPTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA
Traballadora social	33.630,00 €
Educadora social	16.815,00 €
Mantemento	500,00 €
SAF Básico	50.000,00 €
SAF Dependencia	350.596,80 €
Cooperación social	1.000,00 €
Envellecemento activo	7.000,00 €
Inserción social	6.791,75 €
TOTAL	466.333,55 €

Terceiro.- Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista, na contía que exceda da concedida no seu caso pola Consellería de Política Social, a través de recursos procedentes de fondos propios,

transferencias doutras administracións públicas e achegas dous usuarios dos servizos.

Cuarto.- Aprobar a memoria técnica de organización do Departamento de Servizos Sociais e as memorias técnicas por programas redactadas polos servizos sociais do Concello.

### 3.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 214,02 €, 69,39 € E 64,30 €  
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6S90001275, TA6S90001276, TA6S90001295 e TA6S90001296 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 435,31 €  
Por seguro de vehículo municipal, s/recibo.
- IRMA LÓPEZ LOSADA 71,69 €  
Por subministro de materias de protección para o persoal do SAF, s/factura núm. 0-0000045/1.
- MARÍA JOSÉ DÍAZ MARTUL 10,89 €  
Por reparación de pneumático de vehículo municipal, s/factura núm. A/8029.
- RODOIL S.L. 76,94 €, 58,44 €, 101,57 € E 69,76 €  
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de febreiro de 2022, s/facturas núm. 2122/22000055, 2022/22000056, 2022/22000057 e 2022/22000058 (FACe).
- JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO 3.678,40 € E 4.247,10 €  
Por diversos traballos en acondicionamento de camiños municipais nos lugares de Toiriz (Arnego) e Negrelos, s/facturas núm. 22008 e 22009.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)